

Aberto a toda a cidadanía, tamén é usado polo alumnado do Juana de Vega para acceder ao colexio

## A Finca Tenreiro xa presta servizo como parque e albergue

Páxina 9



Concello de  Oleiros

Contencioso contra a pegada sonora, en defensa da veciñanza de Montrove

Páxina 10

# Vivir en Oleiros

Número 79  
Xullo 2024  
Toda a actualidade en:  
[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

O investimento nesta importante infraestrutura viaria foi de 11,8 millóns



Próxima apertura do paseo fluvial entre Iñas e Nós

Páxina 6

Melloras nas subvencións para comedores escolares

Páxina 19

## Sol y mar listo: agora máis

■ Os tráfico, tanto motorizados como naturais, xa flúen normalmente polas novas vías de Sol y Mar. Unha reivindicación menos. Quedan por diante reformas importantes para a mobilidade: a ampliación da Pasaxe e inicio de Che Guevara, a conexión da Vía Ártabra coa rede de autovías, o bypass entre O Seixal e A Barcala... obras que conformarán o Oleiros do futuro.

Páxinas 12-13

XXX Alfaroleiros, do 7 ao 11 de agosto en Santa Cruz

Páxina 21

## Incrementátase ata 150 o número de vivendas protexidas a construír de inmediato

Nos próximos días convocarase unha asemblea informativa con todas as persoas interesadas en adquirir un piso a prezos inferiores aos do mercado libre. Será mediante a participación nunha das 3 cooperativas que se van crear para construír as vivendas en Perillo, Dorneda e Mera.

Páxina 4

Como saber onde está todo en **Oleiros**

AXENDA  
Páxina 23





## Alternativa dos Veciños

Desde **Alternativa dos Veciños** queremos convidaros a participar na **Romaría** que organizamos o vindeiro **sábado 13 de xullo a partir das 12.00 h da mañá na Finca Tenreiro, en Vilanova - Nós.** A entrada é libre con mesas e cadeiras para xantar.

Podedes traer a comida da casa ou mercar alí polbo, churrasco, postres, viño, cervexa, refrescos... a prezos populares. Tamén teremos foliada, charanga "Santa Compañía", xogos populares e inchables para a rapazada...

Agardámosvos!

Para organizarnos mellor, fala co/a concelleiro/a da túa parroquia ou envía un correo a [info@alternativadosvecinos.org](mailto:info@alternativadosvecinos.org)

[www.alternativadosvecinos.org](http://www.alternativadosvecinos.org)  
[www.facebook.com/alternativadosvecinos](https://www.facebook.com/alternativadosvecinos)



## Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

### O CONCELLO DE OLEIROS ESQUECE QUE CRECEMENTO URBANÍSTICO E MOVILIDADE DEBEN IR DA MAN

**ANTE A PASIVIDADE MUNICIPAL, A XUNTA DE GALICIA ESTÁ A ENCARGARSE DE SOLUCIONAR OS PROBLEMAS CRECENTES DE MOVILIDADE EN OLEIROS DERIVADOS DUN CRECEMENTO URBANÍSTICO DESMEDIDO**

**Oleiros, 1 de xullo de 2024**

Primeiro, o alcalde négase a cumprir o pactado e a abonar á concesionaria 50.000€, o que implica a perda do servizo da liña

1-A da Coruña. Despois decide a supresión da liña municipal que conecta Lorbé co Burgo. A culpa, nas súas palabras, sempre é dos demais: a concesionaria, a baixa afluencia de viaxeiros, as malas conexións... A lista de agravios continúa cos atrasos nas obras de Santa Cristina co prexuízo a usuarios, veciños e comerciantes e empresarios de hostalería, que ven dificultados os accesos aos seus negocios e vivendas no

momento máis inoportuno e de maior rendibilidade para eles. O concello segue facendo caso omiso á demanda dos veciños, que seguen sen dispoñer dalgún sistema para residentes que lles permita non ter que pagar por aparcar nalgúns zonas de Santa Cristina. Desde o Partido Popular de Oleiros somos conscientes que un custo directo da dispersión da poboación no concello -boa parte desta repar-

tida en urbanizacións-, obriga a un desenvolvemento en paralelo dos conceptos de urbanismo e mobilidade. Todo iso desde unha óptica de previsión e ordenación. Non ten sentido outorgar a licenza de construción ao edificio de Copigal -como fixo o alcalde-, para agora culpar dos problemas de mobilidade a unha ponte da Pasaxe que resulta insuficiente para absorber a demanda diaria de tráfico rodado.



## Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

### 14 MILLÓNS DE OPORTUNIDADES PERDIDAS

Feliz verán para todos e todas, aínda sen sol, poderemos gozar igualmente durante estes días da nosa natureza, das nosas maravillosas paisaxes e das nosas xentes. Esquecendo por uns días problemas como os do Multiusos, **un lío nos que nos meteu o noso alcalde e que nos vai a custar moito, moito diñeiro**, todos os aforros que tiñamos no concello, e que ademais, aínda non temos claro como o imos a manter nin canto vai custar unha vez feito. Un **Multiusos que empezou dicindo o Sr. García que custaría 12 millóns de euros.**

A obra de Sol e Mar que fixo o Estado, co túnel subterráneo e todo, custaron menos, 11,5 millóns. Pero por se foran pouco eses 12 millóns, 3 meses despois de iniciar as obras avísanos o alcalde de que **imos necesitar 2 millóns máis porque hai auga, cousa que xa sabía dende o 2005.** A este ritmo, de aquí a que finalicen, imos ver en canto saenos o **capricho do Alcalde e a xestión chapuceira da que ninguén asume a culpa.**

Desde estas páxinas **queremos facer esta reflexión: non pensades que eses xa 14**

**millóns estarían mellor gastados en atender as necesidades da xente, as nosas necesidades?**, en axudar aos nosos fillos e fillas a ter unha vivenda para que poidan seguir en Oleiros, para arranxar as tubaxes da auga e o saneamento que rompen a diario porque teñen moitos anos, a facer esas beirarrúas que tanta falta fannos, a anhear esas pistas asfaltadas que nos afogan, a impulsar esa escola infantil, ese centro día para levar e coidar aos nosos pequenos e aos nosos maiores, etc.

Nas romarías deste verán soñemos con que o Sr. Alcalde reflexione e escoite ao Grupo Municipal Socialista e se déixe de luxos inútiles. Recentemente o Alcalde dixo que "ofrece á Xunta fincas que non vendeu en poxa para que faga pisos protexidos", **exactamente a proposta que fixemos nós no Pleno de xaneiro. Aos poucos vaise notando que o traballo comprometido, rigoroso, honesto e serio que fai o PSdeG de Oleiros dá os seus froitos.** Seguiremos achegando ideas novas para mellorar a vida de todos.



## Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

### POR E PARA OLEIROS

Xa transcurriu un ano da constitución da corporación municipal formada após as eleccións municipais de maio do 2023. A nosa intención é agradecer a cidadanía oleirense o apoio e confianza transmitidos continuando co noso traballo e sempre facendo política en positivo e construtiva, na proximidade e centrado na mellora da vida das persoas. Ao longo do último ano defendimos os intereses da cidadanía de Oleiros tanto nos plenos municipais, como a través dos nosos representantes no Estado e no Parlamento galego onde contamos cunha deputada oleirense. Iria Taibo, dende as pasadas eleccións galegas. A nosa intervención

non se limita ao institucional senón que tamén se manifesta día a día na rúa na nosa constante interacción directa coa cidadanía e cos seus colectivos representativos. Defendemos neste último ano a creación dun transporte verdadeiramente metropolitano cos constantes problemas que o desleixo da Xunta provoca, a necesaria creación dunha nova escola infantil en Nós, o incremento das axudas asistenciais aprobadas no pleno de xuño, a participación da cidadanía na vida pública cotiá do Concello (orxamentos, plenos...), a vivenda de protección oficial, o desenvolvemento do PMUS cunha mobilidade real para

as persoas e non só para os carros, as abandonadas mariscadoras da Ria, medidas para revertir o abandono do comercio local, un racional servizo comarcal de recollida do lixo e tratamento de residuos vía Nostán cun recibo xusto, un ROM máis democrático e participativo, maior normalización lingüística, unha comisión especial do aeroporto como existe en Culleredo... Denunciamos neste último ano o abandono dos Portos de Santa Cruz e Dexo, o tixolo das residencias xerátricas privadas de Oleiros e o desleixo cara a única pública, a soberbia de Transportes na abusiva pegada acústica

do aeroporto, as eivas na accesibilidade ao longo do Concello, as obras alegais na Igrexa de Dexo co destape de restos humanos sen licenza, o derrubamento da Vía Ártabra e a chafallada na xestión desta imprescindible estrada, os asolagamentos na Gándara, os problemas veciñais no Sol Y Mar, os abusos sobre a nosa natureza e paisaxe...

Seguiremos agradecendo 3 anos máis a confianza no BNG depositada traballando arreo por e para o Pobo de Oleiros, o que nos move.

Os espazos desta páxina de opinión aberta, foron asignados segundo a representatividade de cada grupo, inspirada na Lei de bases de réxime local.



# EDITORIAL • Negras sombras

Alemaña, Italia, Francia, España, Polonia... sufriron no pasado século a barbarie do fascismo. Millóns de persoas foron asasinadas e represaliadas polo simple feito de pensar ou ser diferentes, por loitar pola democracia ou por defender un mundo máis humano e xusto.

Despois de tanta sangue derramada e tanto sufrimento humano, os resultados dos últimos procesos electorais en Europa son descorazonadores. A desmemoria dun sector importante da poboación europea permite o auxe xeralizado da extrema dereita nos países que máis sufriron o terror do totalitarismo.

Cambiaron os tempos e o fascismo de novo cuño preséntase agora con múltiples caretas. Pallasos, influencers, actores, predicadores, charlatáns... ábrese paso grazas ao branqueamento de importantes medios de comunicación tradicionais e ás facilidades que atopan nos espazos dixitais, programados para propagar masivamente mentiras e discursos de odio. Presentan solucións simples que calan, principalmente, nas persoas máis desideoloxizadas que abrazan o racismo e o autoritarismo como unha táboa de salvación para todos os seus males persoais e económicos.

Ante este panorama é necesario acender todas as alertas antifascistas. Todos e todas as demócratas,

independentemente de tendencias ideolóxicas ou posicionamentos económicos, temos a obriga moral de defender a liberdade e a convivencia. O gran avance en dereitos logrado en toda Europa tras a caída dos distintos ditadores foi posible grazas á democracia. O benestar social e o progreso económico acadado construíuse baixo o amparo do multipartidismo.

Os partidos teñen pois unha grande responsabilidade. A dereita debe marcar distancias e desligarse con contundencia dos discursos intolerantes. A esquerda ten que reducir a corrección política e as mensaxes absurdas, negativas para as maiorías, que só alimentan ao monstro. Os cambios sociais e económicos dos últimos tempos obrigan a adoptar novas e áxiles respostas políticas; para evitar descontentos sociais, desigualdades económicas e amnesias colectivas, o mellor caldo de cultivo para os inimigos da democracia.

A educación e formación da xuventude será imprescindible para derrotar á desinformación e á demagogia. Coas mentes e os corazóns abertos, coa memoria intacta e co ánimo de construír sociedades libres e plurais; afastaremos as negras sombras. A democracia, e por conseguinte o futuro dos pobos de Europa, está en xogo.



# Oleiros, un concello distinto



# Crearanse 150 vivendas protexidas, 100 máis das previstas inicialmente

■ *Próxima convocatoria dunha asemblea para todas as persoas interesadas*

■ *O número de vivendas de protección que se van crear proximamente en Perillo, Xaz e Mera ascenderá a 150. Ás 54 que se edificarán no solo municipal previsto, vendido á empresa que promoverá as cooperativas, sumaranse outros 100 pisos en Xaz e Mera.*

◆ As veciñas e veciños de Oleiros que desexen adquirir un destes pisos aínda poden preinscribirse na web municipal (<https://www.oleiros.org/coop>). No mes de xullo serán chamados a unha asemblea informativa na que se detallarán os requisitos, prazos, importes...

A fórmula para a adquisición destas vivendas será mediante a participación nunha cooperativa. A empresa que adquiriu o solo e coordinará o proceso xa ten neste momento un acordo cunha entidade bancaria para facilitar o crédito ás persoas interesadas en formar parte das cooperativas.

O Concello fixo efectiva a venda das 3 parcelas -para 54 destes pisos- por importe total de 1,4 millóns de euros. Ese solo foi acadado gratuitamente pola xestión urbanística que realiza o Goberno municipal, que garante un crecemento ordenado e sostible do territorio. Desta maneira, ademais de promover a construción de vivendas a prezos inferiores aos de mercado para familias de Oleiros, o Concello obtén recursos económicos para mellorar os servizos públicos e executar novas obras.

Para os outros 100 pisos de Xaz e Mera, a empresa que formará as cooperativas, adquirirá o solo a propietarios privados.



■ Os pisos de Dorneda construíranse na avenida central da urbanización de Xaz



■ O edificio de Perillo estará situado na rúa dona Emilia, en pleno centro da localidade



■ As vivendas de Mera estarán no centro da nova urbanización, na rúa Eduardo Galeano, fronte ao monumento ao profesorado

## O Concello ofrécelle solo á Xunta para outros 34 pisos de protección ▼

◆ Ante o anuncio da Xunta de construír vivendas protexidas por toda Galicia, o Concello de Oleiros ofreceralle á Consellería de Vivenda tres parcelas de propiedade municipal: dúas na praza da Rabadeira en Oleiros e unha na nova urbanización do centro de Mera.

O Concello vai ofrecerlle o solo á Xunta rebaxando o prezo de venda para que o Goberno autonómico constrúa as vivendas, o que pode facer de inmediato xa que as parcelas están completamente urbanizadas.

Serían 19 vivendas en Oleiros e 15 en Mera. Estes pisos serían a maiores das outras 150 vivendas protexidas mediante cooperativas.





# O novo tramo do paseo da ría, pechado por seguridade ▼

■ *Costas deixou sen conexións a nova zona verde creada na desembocadura do río do Seixo*

*O Concello segue a reclamar os tramos de paseo no Paraíso e O Seixo*



◆ Neste estado deixou a Dirección Xeral de Costas as obras de rexeneración da ría, que di ter rematadas. Non será posible circunvalar a ría mentres non constrúan os dous tramos pendentes de paseo marítimo no Paraíso e no Seixo para conectar Oleiros e Cambre.

A nova zona verde creada na desembocadura do río do Seixo, dotada dun tramo de paseo marítimo, non está conectada nin co paseo de Beirmar nin co paseo de Cambre, ao que actualmente hai que acceder polo parque municipal da urbanización do Seixo. Mentres o Ministerio non aborde estes dous tramos pendentes de paseo no Paraíso e no Seixo,

o Concello manterá pechadas por precaución as futuras conexións dos tramos dos paseos costeiros.

Nos últimos meses, o Concello reclamou insistentemente que Costas, pertencente ao Ministerio de Transición Ecolóxica, rematase o paseo, pero nin a Xefatura de Costas nin o Delegado do Goberno ofreceron resposta algunha. Ademais, dáse a circunstancia que na zona do Paraíso se chegaron a talar decenas de árbores de gran porte para facer o paseo. No proxecto do dragado existía unha partida para abordar as obras e non se investiu, ademais de quedarse coa madeira da tala.





# Incrementos na obra do multiusos de Bastiagueiro ▼

■ A solidez do terreo e a aparición de mananciais ocasionan sobrecostos



◆ Os resultados do estudo xeotécnico do proxecto de construción do edificio multiusos de Bastiagueiro deron un resultado erróneo, que non foi descuberto ata que se iniciaron as excavacións da obra. A existencia dunha zona arbolada, impediu realizar catas por todo o terreo, sendo moi irregular, con diferenzas que oscilan entre os 5 e os 17 metros.


Esa circunstancia, xunto coa aparición de 5 mananciais de auga, non detectados pola seca existente no verán do 2022, obrigan a un forte incremento na pilotaxe e a realizar unha drenaxe de toda a parcela. En consecuencia, o incremento no custo da obra será de 1,9 millóns de euros, retrasando tamén os prazos de finalización ata o 2026.

*Tal e como se pode comprobar nas imaxes, foi necesario realizar grandes perforacións no solo para colocar un elevado número de pilotes*



## Próxima apertura do paseo fluvial do rego de San Pedro

◆ O paseo ciclopeonil entre Nós e Iñás aínda non está rematado. Queda por finalizar unha actuación en Arenaza para evitar inundacións en varias vivendas. Unha vez rematada esa parte da obra, procederase á apertura oficial deste novo itinerario ciclopeonil de 4 km, que supón un grande espazo de ocio para Nós e Iñás, e unha ruta alternativa á N-VI para moverse de xeito máis seguro.





# Inminente remate das obras nas rúas Humboldt e Linneo

◆ O Concello investiu 451.980 euros na renovación destas dúas rúas de Santa Cristina para mellorar a súa operatividade e o servizo que prestan a veciñas e veciños. Seguirán canalizando boa parte da mobilidade desta zona e servindo de estacionamento a vehículos, xa que moitos edificios non dispoñen de garaxes.

Esta reforma foi complementaria á que se leva a cabo na avenida principal, que continúa as súas diferentes fases de obra tratando de causar os mínimos inconvenientes tanto á veciñanza como ás numerosas persoas que visitan o lugar para gozar da súa hostelería e tempo de lecer no agarimoso litoral da praia, o parque José Martí e no centro cultural A Fábrica.



## Resolto o problema de seguridade viaria no Pazo de Lóngora

◆ Están practicamente finalizadas as obras de ampliación da calzada na avenida Casares Quiroga, á altura do Pazo de Lóngora. Tamén se crearon beirarrúas para mellorar a actual conexión peonil entre o Muíño do Vento e a Igrexa de Liáns.

## Iniciado o expediente para a creación dun aparcamento en Canabal

◆ O Concello vai proceder á expropiación do solo necesario para crear un aparcadoiro público nun dos accesos ao Monumento Natural da Costa de Dexo e Serantes. O aparcamento vai estar situado entre as rúas Codes e Cisco, en Mera. O alcalde asinou o correspondente decreto necesario para adquirir o solo, que o Plan só permite usar para estacionamento de vehículos.



## Forte malestar veciñal ante o mal funcionamento do servizo de transporte

◆ A Xunta de Galicia, coa eliminación de diversas liñas de autobús, está a crear graves deficiencias no servizo de transporte, con constantes incumprimentos de horarios, buses ategados de pasaxeiros pola redución de frecuencias e ausencia de información á cidadanía sobre os cambios de realizados.

Dados os graves prexuízos que se lle están a crear a moitos cidadáns, o Concello de Oleiros reclama que se volvan a poñer en funcionamento todas as liñas eliminadas. Así mesmo, anunciárase a incorporación dun bus articulado para cubrir o incremento de persoas usuarias da liña B-9 (que se estendeu ata Dexo e Lorbé) e ata o momento non foi empregado. Este tipo de políticas, que só benefician ás empresas concesionarias, van totalmente en contra do fomento do transporte público e do interese xeral da cidadanía. A Xunta agrava así os problemas de mobilidade existentes na comarca da Coruña.



# Menos semáforos, máis axilidade no tráfico

■ *Ante as melloras no tráfico derivadas da eliminación de semáforos, o Concello está a estudar a supresión do semáforo existente á altura do antigo cemiterio de Perillo, na avenida Che Guevara. Tal e como sucede no centro de Santa Cruz, ou máis rencetemente en Coruxo, a axilidade na circulación aumenta considerablemente.*

◆ É importante que os peóns agarden a que os vehículos paren por completo antes de cruzar. Para mellorar a seguridade, estase a realizar unha adecuación progresiva dos pasos peonís elevando a súa estrutura para provocar que os coches minoren a súa velocidade.



## Finalizadas as melloras nas rúas Castelao e Ricardo Cubeiro

◆ Unha modélica intervención serviu para calmar o tráfico nunha zona de especial sensibilidade patrimonial e de uso público, como é a da Igrexa nova de Santa Cruz. Unha plataforma única contribuirá a aumentar o confort peonil ao tempo que se xenera un novo valor paisaxístico ao conxunto parroquial, unha obra de especial significación entre a arquitectura contemporánea do municipio, obra do insigne arquitecto Miguel Fisac, que desde 1971 define coa súa elegante e minimalista torre de formigón o sky line de Santa Cruz.

Tamén foron remodeladas e ampliadas as beirarrúas das rúas Ricardo Cubeiro e Castelao; e renováronse as redes de auga e saneamento, para evitar romper no futuro inmediato o que se acaba de facer.



## Vai collendo forma a rúa Yasir Arafat, en Santa Cruz ▼

◆ Nos próximos meses entrará en servizo a rúa Yasir Arafat, que conecta dúas importantes rúas de Santa Cruz: a do Souto e a avenida de Concepción Arenal, co que constitúe un acceso que facilita a mobilidade á veciñanza da zona. O vial trazouse en paralelo ás rúas Coruxo e Gaivoteira.

A nova rúa está dedicada ao histórico líder palestino morto en 2004 en extrañas circunstancias, tras as que poderían estar os servizos secretos israelitas. Dez anos antes recibira o Premio Nobel da Paz e o Príncipe de Asturias pola súa loita pola liberdade do pobo Palestino e a paz.





# Un remanso de convivencia en Nós

■ *Xa presta servizo o albergue Esperanza Tenreiro*



◆ Os nenos e nenas que participan nos campamentos de verán que organiza o Concello xa están a gozar desta nova instalación pública. Tamén o utilizarán nas vindeiras semanas diversas entidades culturais para acoller a grupos que reciben de fóra de Galicia.

Este gran parque de 30.000 metros inaugurado o pasado mes de maio, está aberto para toda a cidadanía de 8:30 e as 21.00 horas –agás os días que hai campamentos–, pechando pola noite por cuestións de seguridade, xa que é un espazo con algúns elementos sensibles que deben ser especialmente protexidos. Durante o período escolar, é utilizado polo alumnado do colexio Juana de Vega para ir camiñando ao colexio con maior facilidade e seguridade.



## Apertura da cafetería do Parque das Trece Rosas

◆ Un chill out combinado cun restaurante “descarado e succulento”, con boa atención e coidado, pero que se enmarque dentro do concepto de servizo público son as intencións do adxudicatario da instalación hosteleira do parque das Trece Rosas, en Bastiagueiro.

“Vaiche Boa” será a denominación do espazo, que terá zonas interiores e exteriores co denominador común da paisaxe como protagonista e unha cociña atlántica, realizada en directo, en parte no exterior e combinando o tradicional coas influencias doutras gastronomías.

Jacobo Astray dirixirá esta aposta por converter este recuncho das Trece Rosas veciño do horizonte nun lugar atractivo capaz de conseguir que a xente se achegue non só polo pracer de pasear polas engaiolantes sendas do parque, senón por gozar das sensacións ou os sabores das terrazas e os veladores de Vaiche Boa.



## Novo parque infantil en Iñás

◆ Renovouse por completo e ampliouse a área de xogos infantís do parque da Casa do pobo de Iñás. O Concello investiu máis de **60.000 euros**.





# O Concello defenderá aos veciños afectados polas servidumes do aeroporto de Alvedro ▼

■ *A pegada sonora, que chegaba ata a capela de Montrove, agora esténdese ata a igrexa de Liáns*

◆ A Dirección Xeral de Aviación Civil aprobou a ampliación da pegada sonora do aeroporto de Alvedro. Con este cambio, no Concello de Oleiros pásase de afectar a 249.000 m<sup>2</sup> a 535.531 m<sup>2</sup> do núcleo de Montrove. As vivendas incluídas eran 122 e agora serán 296, todas en solo urbano. Ademais impedirase obrar en parcelas urbanas sen edificar e en solo urbanizable nun total de 65.996 m<sup>2</sup>, afectando ao desenvolvemento do polígono ubicado entre o Pazo do Río e a avenida Rosalía de Castro en solo urbano consolidado.

O plan de acción de AENA, non aclara que vai a suceder cos solares urbanos sen edificar. Tampouco indica que indemnización ou que medidas de insonorización se van aplicar ás vivendas construídas. É dicir, estase a hipotecar centos de propiedades sen que poidan os seus donos saber cando e como poderán dispoñer libremente das súas parcelas e dos dereitos adquiridos que o Plan Xeral do Concello lles outorga e que no seu día foi informado favorablemente por Aviación Civil.

O Concello de Oleiros presentou alegacións ante a Dirección Xeral de Aviación Civil e presentará un recursos contencioso administrativo nos tribunais de xustiza.



## Requírese a APLU e Costas a paralización e demolición dunhas obras ilegais en Bastiaqueiro, en zona verde ▼

◆ O Concello de Oleiros notificou á APLU (Axencia de protección da legalidade urbanística da Xunta de Galicia) e á Dirección Xeral de Costas a realización dunhas obras ilegais nunha parcela lindante co paseo da praia de Bastiaqueiro. O Concello solicita que ambos organismos, que son os que teñen competencias neste caso, paralicen de inmediato a obra, ordenen a súa demolición e impoñan a sanción económica correspondente ao infractor.

Para a realización destas obras de construción de novas edificacións, a persoa propietaria da parcela non solicitou a correspondente licenzia municipal. De facelo, tampouco obtería nunca permiso dado que a parte da parcela na que está a construír as novas edificacións está cualificada polo Plan Xeral como zona verde e atópase no espazo de protección de costas. De forma totalmente ilegal, está a crear unhas novas edificacións con diversas estancias e ampliou a pérgola preexistente, na mesma finca onde estaba a caseta que o ditador Francisco Franco utilizaba para o baño.

No Concello de Oleiros existe un Plan Xeral urbanístico que regula o que se pode facer no territorio. Para a realización de calquera tipo de obra é necesario axustarse ao establecido no Plan Xeral e contar coa pertinente autorización municipal. A diferenza da inmensa maioría de municipios, aquí non é posible saltarse as normas nin existen distincións entre os cidadáns en función dos seus recursos económicos.



## A limpeza de fincas, unha obriga das persoas propietarias

■ *O Concello non pode entrar en propiedades privadas sen orde xudicial*

◆ É unha obriga por parte dos propietarios manter as fincas limpas e libres de maleza, tal e como esablecen as normativas municipais e autonómicas. As persoas propietarias dos inmobles e soares teñen o deber de mantelos nas debidas condicións de hixiene, salubridade, seguridade, limpeza e ornato público, xa que do contrario se producirían molestias e un risco para a seguridade dos veciños lindeiros e das persoas usuarias das vías públicas. Nos casos nos que non se está a cumprir esta normativa, o Concello está a imposer unha sanción mensual de 1.000 euros, ata que se efectúa a limpeza.

**SE TES CAN,**

**TES OBRIGAS**



# CMF Isaac Díaz Pardo, fonte de emprego e crecemento económico ▼

◆ Unhas 4.500 persoas, entre traballadoras e emprendedoras, pasaron durante 2023 polo Centro de Formación e Emprego de Oleiros, a plataforma municipal para impulsar a economía e cooperar no emprego da cidadanía.

Durante o ano recibíronse 575 demandas para as que se enviaron 1.264 currículos, o 72% mulleres e máis da metade maiores de 45 anos. Trescentas setenta persoas achegáronse ao centro na procura de orientación profesional e 130 persoas participaron nos programas directos de emprego xestionados polo centro, que tamén deu traballo a 220 alumnas e alumnos mentres participaron en cursos de formación ou obradoiros duais de emprego.

Nos últimos 24 anos, o CMF crea como media 29 empresas cada ano e axuda no emprendemento de 128 proxectos distintos, tamén anualmente.



## Novos contratos para zonas verdes e limpeza de edificios ▼

◆ Manter limpos os edificios educativos, administrativos e culturais durante os próximos dous anos costa 2 millóns de euros. O parte máis importante é que se destinará aos centros de ensino público, para os que se destinan 1,2 millóns.

No caso do mantemento das zonas verdes o investimento será de 6 millóns de euros durante os vindeiros 4 anos. O contrato vai abarcar 800.000 m<sup>2</sup> de 72 parques, xardíns e outros espazos. Tamén se inclúen o gran número de árbores nas vías de titularidade municipal que está fóra das zonas verdes.



## Praias listas, agardando polo bo tempo ▼



◆ O verán é tempo de praia. Para garantir a seguridade, está en marcha un dispositivo de 45 socorristas nas praias de Santa Cristina, Bastiagueiro, Santa Cruz, Naval, Mera e Espiñeiro.

As praias de Oleiros, ademais de seguras, están moi ben equipadas e cunha calidade da auga excelente, como o demostran as 5 bandeiras azuis outorgadas a Santa Cristina, Bastiagueiro, Naval, Mera e Espiñeiro. Parques, sendas e paseos complementan o turismo de praia con alternativas de ocio na natureza, ademais da evoluida oferta gastronómica e hoteleira, pratos fortes do posicionamento turístico do municipio.

A prestación de servizos públicos extraordinarios derivados da tempada de verán superan os 420.000 euros. Parte deses gastos son financiados cos ingresos da ORA, situada nas fronteiras das praias.

## A psicológa do Concello recibe un prestixioso premio nacional ▼



◆ Xenia Perera Sokolova, psicológa municipal que presta un extraordinario servizo público aos veciños e veciñas a través do departamento de Servizos Sociais e Igualdade, recibiu o 1º premio en innovación social nos Premios Innovación Sostenible Universitaria. Neste prestixioso certame participaron máis de 500 teses e traballos de fin de grao e de mestrados de universidades de toda España.



# Máis fermosura e menos atascos en Sol y Mar ▼

◆ O novo enlace viario creado en Sol y Mar, así como as distintas obras paralelas que se fixeron a petición do Concello aproveitando a situación, supoñen unha notable mellora para os máis de 4.000 cidadáns que viven nesta zona, así como para os 54.000 vehículos que circulan a diario por este punto, desconxestionando tamén outras estradas e o paso de coches polo alto de Perillo.

Ademais da avenida das Mariñas desdoblada en dous niveis, renováronse os dous treitos da rúa Areal, mellorouse a rúa das Garridas, conectáronse a través dunha pasarela peonil as prazas de Agramar e Os Areeiros, realizouse un by-pass en Agramar para facilitar o acceso rodado aos veciños,... Tamén se realizaron importantes obras soterradas relacionadas co ciclo da auga e o saneamento, aproveitando as principais intervencións viarias.



■ O investimento total foi de 11,8 millóns



*O Concello de Oleiros agradece a paciencia e colaboración veciñal e empresarial durante estes 3 longos anos de obras, que ocasionaron fortes incomodidades e prexuízos. A obra era imprescindible para mellorar a zona e axilizar o tráfico de acceso e saída á cidade da Coruña.*



## ◀ Unha demanda histórica ▶

A Asociación de Veciños A Ría de Perillo, con Ángel García Seoane como presidente, iniciou na década dos 80 unha longa batalla política, continuada posteriormente polo Goberno municipal, que culminou o pasado 20 de xuño coa apertura ao tráfico das novas infraestruturas viarias creadas na N-VI ao seu paso por Perillo, na zona coñecida como Sol y Mar. Foron moitos anos de demandas, reivindicacións, manifestacións, proxectos...



Los vecinos, con sus pancartas, sentados en la calzada de la Nacional VI, postura en la que permanecieron durante media hora. En la otra fotografía, momento que un grupo de vecinos mantiene animada charla con el jefe de Obras Públicas



## Seguinte paso: ponte Pasaxe e vía Ártabra

Os Gobernos de Madrid e Santiago non poden demorar máis as obras pendentes de ampliación da ponte Pasaxe e a conexión da vía Ártabra coa AP-9. A execución de ambas actuacións permitiría mellorar moi notablemente os problemas de tráfico existentes na comarca da Coruña e que afectan especialmente a Oleiros, principal porta de entrada e saída da cidade da Coruña -máis de 90.000 vehículos fan uso a diario das estradas que atravesan Oleiros-.

### PONTE PASAXE ▼

Os distintos Gobernos de España que se sucederon limitáronse a facer declaracións de intencións, sempre en precampaña electoral, e nunca abordaron o grave problema que o embudo da Pasaxe ocasiona. Recentemente, o Ministerio de Transportes comprometeuse a realizar a ampliación da ponte unha vez concluísen as obras de Sol y Mar. As expropiacións de solo necesarias para iniciar a obra, previstas para o mes de maio, aínda non se executaron.

### VÍA ÁRTABRA ▼

A conexión da Vía Ártabra coa AP-9, que chegou a iniciarse, leva 3 anos paralizada pola nefasta xestión do Goberno autonómico. A Consellería debe contratar de novo as obras para poder conectar a Ártabra coa Autopista do Atlántico na zona de Pravio. Este vial sacaría entre un 30% e un 40% do tráfico da ponte da Pasaxe.

**Os Gobernos de Madrid e Santiago están obrigados a cumprir coa cidadanía de Oleiros e de toda a comarca da Coruña. As consecuencias da carencia destas infraestruturas son perdas de tempo diarias inasumibles para as persoas e tamén para as empresas.**



# A Frotiña da Liberdade visita Oleiros no seu periplo ata Gaza ▼

◆ A tripulación do buque Handala, que se dirixe a Gaza para a entrega de axuda humanitaria, visitou o concello e foi recibida oficialmente polo alcalde nun acto multitudinario na Fábrica. Oleiros foi unha das 5 paradas que a Frotiña da Liberdade realizará na península Ibérica na súa travesía ata Palestina, iniciada o pasado 1 de maio en Oslo; tras parar en Suecia, Dinamarca, Alemaña, Reino Unido, Irlanda, Francia e Santander.

As accións levadas a cabo pola Frotiña da Liberdade están encamiñadas a denunciar o ilegal bloqueo israelí ás augas territoriais palestinas. Estas accións son pacíficas, de sociedade civil a sociedade civil, e piden o respecto dos dereitos humanos do pobo palestino.



## Envíanse dous novos contentores de material sanitario e educativo a Cuba ▼

◆ Dous contedores marítimos cheos de material sanitario e educativo chegarán este mes de xullo á illa de Cuba para tratar de mitigar as consecuencias humanitarias do bloqueo imposto polos Estados Unidos, con duras consecuencias na calidade de vida dos habitantes da república antillana.

O material, coordinado polo Concello de Oleiros en colaboración con Solidaridade Galega e o Consulado cubano en Galicia, consta dun contenedor con 48 pallets de material sanitario, así como bicis, cadeiras de rodas, pupitres, caixas de libros ou mobiliario de oficina, entre outros elementos.

O segundo contenedor leva case 5 toneladas de material cirúrxico como guantes, pantalóns e camisas de paxamas, máscaras e buzos de protección, entre outros.

## Apóíase a reparación dun local social e educativo en Filipinas



■ Rebeca Cervantes, que visitou Oleiros en diversas ocasións, é a relixiosa responsable do proxecto

◆ O Concello concedeulle unha subvención de 8.000 euros ás Mercedarias Misioneras de Bérriz para axudar ao equipamento da Casa de Espiritualidade Mercedarian retreat house en Bohol, Filipinas, danado por causa do tifón Odette en 2021.

O edificio, que aínda precisa reparacións importantes, presta servizos educativos e de ocio á xuventude da illa de Bohol. Para continuar funcionando de forma axeitada precisan adquirir un pequeno vehículo de segunda man para facer compras de subministracións no pobo máis próximo, un ordenador, ventiladores e cadeiras, un equipo pequeno de aire acondicionado, dous arquivadores e un forno.

As Mercedarias Misioneiras de Bérriz comparten vida e misión cos pobos empobrecidos onde traballan, apoiando e acompañando a promoción e crecemento das persoas e grupos a través da formación, concienciación e organización para que sexan axentes do seu propio desenvolvemento.

# O RACISMO DIVIDE



# Novo éxito de participación nas Merendiñas con máis de 1.400 participantes ▼



◆ Máis de 1.400 persoas maiores volveron encher os xardíns das Torres de Santa Cruz de alegría, reencontros e bos momentos. A XXVIII Romaría das Merendiñas non defraudou e as máis de 100 persoas colaboradoras, encargadas de elaborar a comida e servila nas mesas, funcionaron como auténticos profesionais, baixo a coordinación do equipo de Servizos Sociais e Igualdade.

## GRAVE OFENSA DA VOCEIRA DO PSOE

O Goberno municipal lamenta as insultantes declaracións no pleno municipal da voceira do PSOE de Oleiros calificando a Romaría das Merendiñas de “pouco democráticas” e “un intento de mercar vontades a través do estómago”. Esas palabras supoñen un grave insulto ás miles de persoas que durante os últimos 28 anos participaron libremente nesta marabillosa festa.

Sería bo que a voceira do PSOE de Oleiros se informase do que é a Romaría das Merendiñas, que naceu no 1994 da man de Esther Pita, entón concelleira de Servizos Sociais, e da Asociación de Veciños Santaia de Santa Cruz. O obxectivo era

recuperar as festas populares que se facían antigamente pola chegada do bo tempo -que precisamente tiñan lugar na zona das Torres- e ofrecer ás persoas maiores unha xornada de convivencia e divertimento, ben merecida tras unha vida de traballo.

## A pediatra Cecilia Vecillas Sevilla, Medalla de Ouro e Brillantes do Colexio de Médicos ▼

◆ O Colexio Oficial de Médicos da Coruña decidiu por unanimidade concederlle a Medalla de Ouro e Brillantes da institución á doutora Cecilia Vecillas Sevilla, que dedicou 36 anos da súa vida profesional a atender aos nenos e nenas de Oleiros.

Aínda que a pediatra renunciou no seu día a que o seu nome figurase no Centro de saúde de Perillo, como pretendía o Goberno municipal, non puido impedir que se lle dedicase un espazo no Parque José Martí nin que se organizase un acto público de homenaxe á súa persoa, celebrado no 2016 no auditorio da Fábrica.

A dedicación de Cecilia Vecillas foi realmente especial e á súa extraordinaria capacidade profesional hai que engadirlle unha calidade humana que está fóra de toda dúbida. Cecilia foi unha doutora inigualable pola atención que lle deu aos nosos pequenos e pequenas e tamén a aqueles outros e outras que alén do mar, en diversos países de Latinoamérica, puideron favorecerse dos seus coidados como profesional da medicina.



## Outro curso de envellecemento activo

◆ As máis de 400 persoas que participan nas actividades que organiza o Concello de envellecemento activo pecharon o curso cunha festa multitudinaria na praza Esther Pita, con todo tipo de exhibicións. No mes de setembro retomaranse as actividades. Todas aquelas persoas maiores de 65 anos interesadas en apuntarse nas clases de memoria, ioga, ximnasia, alfabetización dixital... poden solicitar máis información chamando ao 981 610 000 ou dirixíndose presencialmente a Servizos Sociais (na rúa Obelisco).



## Nova ordenanza de inclusión social ▼

◆ O Concello de Oleiros ten regulamentado distintos recursos para facer fronte a situacións de desprotección que non son cubertas por ningunha outra administración pública. Para acadar unha maior fortaleza e axilidade de resposta na cobertura das necesidades básicas dos veciños e veciñas de Oleiros, o Goberno municipal aprobou unha nova ordenanza de medidas de inclusión social no pleno, para facer fronte á forte inflación vivida nos últimos anos. Todos os grupos políticos votaron a favor, agás o PSOE que votou en contra. Entre outros cambios, esta nova ordenanza contempla un incremento das prestacións económicas e un aumento das axudas e descontos por aluguer ou hipoteca. Así mesmo, incrementáanse as contías das medidas de apoio na alimentación e na hixiene persoal e doméstica en todas as súas modalidades.



# Marino C.F., 100 anos coas botas postas



◆ O Marino de Mera celebrou o seu centenario coa disputa de distintos torneos en todas as categorías, un amigable contra os veteranos do Dépor e un acto público presidido polo presidente do club, Eligio Nogueiras, e o alcalde, Ángel García Seoane. Desde a súa fundación no 1924 centos de persoas contribuíron a facer do Marino unha entidade de referencia na práctica deportiva na comarca da Coruña, ademais de constituir un símbolo identitario para os veciños e veciñas da localidade de Mera.

Na actualidade, froito do bo traballo de directivos, técnicos e xogadores, o club está a vivir un grande momento, realizando un magnífico labor de canteira que se acaba materializar co ascenso do equipo xuvenil á Liga Galega; así como co ascenso do primeiro equipo a 2ª autonómica. O uso das novas instalacións do Campo Deportivo municipal da Marola, nas que o Concello investiu máis de 5 millóns de euros para a súa creación, tamén favorecen ao crecemento deportivo do club.

## Escolas municipais de golf e surf ▼

■ *Aberto o prazo de inscricións na Sede electrónica*



◆ Dentro do amplo abano de actividades deportivas infantís e xuvenís, o Concello oferta 136 prazas para as escolas municipais de golf e surf. Ademais de promover os valores propios destas disciplinas e do deporte en xeral, o Concello considera relevante estas escolas para loitar contra os ascendentes índices de obesidade infantil e xuvenil, o sedentarismo e fomentar actividades físicas e deportivas dun xeito regular en grupo.

A actividade de golf terá lugar no campo de Xaz e o surf na praia de Bastiagueiro. O Concello pon a disposición das persoas participantes todo o material necesario.

## Liga nacional de patinaxe de velocidade na pista de Bastiagueiro ▼

◆ O SCD Rabadeira será o anfitrión da Liga nacional de clubs absoluta os días 21 e 22 de setembro. O club oleirense ten representación masculina en primeira e terceira categoría e feminina en terceira.



## Subvención municipal para as regatas de traíñeiras ▼



◆ O Club de Regatas Perillo organiza a XXIII Bandeira Concello de Oleiros masculina e a VIII Bandeira Concello de Oleiros feminina o vindeiro 10 de agosto a partir das 17:30 horas –Parque de Nirvana-. Ambas competicións forman parte da Liga Galega de traíñeiras e contarán coa participación das tripulacións locais.

Para continuar apoiando e fomentando este deporte no municipio, o Concello concedeulle unha subvención de 9.985 euros ao Club de Regatas Perillo para sufragar o 100% dos premios que recibirán os equipos participantes nas regatas.



# O deporte oleirense continúa no máis alto

■ Cada vez son máis os logros e triunfos dos e das deportistas do municipio. A cultura deportiva de Oleiros tradúcese en campionatos, medallas e vitorias en todo tipo de disciplinas deportivas.

## CAMPIÓNS DE ESPAÑA

- **Patinaxe de velocidade:** Andrea Boedo, Raúl Couto, Manu Taibo, Marcos Vicos e Adrián Bedia.
- **Natación:** Almudena Quereda.
- **Esgrima:** Lucila Antivero e Lía Rodríguez.
- **Volei praia:** Calíope García.
- **Ximnasia:** Erik Cortázar

## SUBCAMPIÓNS DE ESPAÑA

- **Remo:** Luis Miguel Escourido.

## MEDALLA DE BRONCE

- **Triatlón:** Andrés Prieto.

## CAMPIÓNS GALEGOS

- **Remo:** Álvaro Alvedro, Javier García, José Manuel Peláez, Lucas Otero e Santiago García.
- **Ximnasia:** Eva Reza, Candela Cobián e Sara Sinanoria.
- **Natación:** Sara Carreira.
- **Pádel:** Erik Cortázar

## SUBCAMPIÓNS GALEGOS

- **Ximnasia:** Elena Torres e Sara Casanova.
- **Remo:** María García e Javier García.
- **Esgrima:** Gabriel Orro.

## Os clubs tamén arrasan ▼

### • Ximnasia Oleiros

A entidade acadou os campionatos galegos por equipos nas categorías benxamín, junior e sénior, ademais de varias medallas noutras categorías e destacados logros individuais, como o de Candela Cobián, 5ª clasificada na Liga Iberdrola (2ª división estatal).

### • Club de Regatas Salgado-Perillo

Cuartas clasificadas no Campionato de España de trineiriñas, en categoría xuvenil.

### • Club Hockey Oleiros

O equipo alevín do Club Hockey Oleiros foi 5º no Campionato de España.

### • Club Baloncesto Montrove

O equipo preinfantil proclamouse campioas galegas

### • Club Balonmán Atlántico

Lograron o subcampionato galego en categoría benxamín.

### • Club Voleibol Oleiros

O equipo sénior feminino logrou a medalla de prata no Campionato Galego. O sénior masculino foi bronce.

### • ADFogar

Acadaron o ascenso a 2º división masculina nacional de triatlón na categoría absoluta e o 3º posto na primeira división da liga Talento.

### • Atlético San Pedro

Ascenderon a 1ª División Galega Feminina

### • Marino de Mera

O equipo xuvenil logrou o ascenso á Liga Galega.

## FÚTBOL FEMININO

### III TROFEO CONCELLO OLEIROS



Gran final, sábado 31 de agosto  
Campo Municipal Nano García, Iñás

## FÚTBOL MASCULINO

### LIII TROFEO CONCELLO OLEIROS



Gran final, sábado 31 de agosto  
Campo Municipal Nano García, Iñás

**PARABÉNS A TODAS E TODOS! SODES O ORGULLO DE OLEIROS!**



# Graduacións nos institutos ▼

◆ Un total de 246 rapaces e rapazas do municipio finalizaron os seus estudos de educación secundaria o pasado mes de maio. Grazas ao seu esforzo persoal, ao das súas familias e ao excelente profesorado existente nos centros públicos de Oleiros, os mozos e mozas graduados lograron completar de maneira satisfactoria unha importante etapa nas súas vidas, que lles permitirá continuar estudando e formándose nos seus futuros oficios e profesións.



■ IES MARÍA CASARES



■ IES MIRAFLORES



■ IES NEIRA VILAS



■ CRISTO REI

## Grandes resultados académicos en selectividade ▼

◆ Paula Ándujar Salamanca, Alba Dorado Fernández, Manuela Longueira Carracedo e Lucía Martín Sampedro, do IES Miraflores; Fabián Hernández Miranda, Ainhoa D. Infesta Galarza, Lois Pereiro Romero, Miguel Rodríguez Coronado e Lucas Vivero Vergara, do IES Neira Vilas; e Alberto Zalvide, Sofía Fernández, Martín Cid, Rita Crespo e Noah Vía, do Colexio Cristo Rei; recibiron o premio MEGABAU por sacar máis dun 9 nos exames de selectividade. Pola súa parte, o alumando do IES María Casares tamén acadou no seu conxunto unha destacada nota media de 7,255.

## Entregados os premios do concurso literario que organiza o Concello ▼

◆ O teatro das Torres de Santa Cruz acolleu a entrega de premios do X Certame literario Descubrindo Oleiros onde os gañadores e gañadoras puideron compartir co público asistente os seus relatos a viva voz. O xurado, atendendo á corrección lingüística, á calidade textual e á orixinalidade concedeu os premios nas diferentes categorías nas que se presentaron un total de 215 relatos.

Os gañadores e gañadoras foron **Mar Pérez Noriega**, con *O rato Nuno*; **Laura Barros Sanguino**, con *Rosas*; **Alba Caridad Castro**, con *Branco. Peixe voador de sete patas*; **Tariqua Brandón Rey**, con *As meigas de Ibarrola. A casa dos suspiros*; **Ignacio Márquez Ricoy**, con *Amigos*; e **Raquel Ríos Vázquez**, con *De camiño á igrexa*. Tamén houbo accésits para **Pedro Vilela Quintela**, con *A buxaina viaxeira*; e **Kamila Castrillo García**, con *Os nenos do Golfiño*.





# Colexio Rabadeira, 50 anos sementando liberdade e coñecemento ▼



◆ O CEIP Rabadeira abriu as súas portas a toda a cidadanía para celebrar o seu 50 aniversario. Houbo actuacións do alumnado, do grupo folclórico Folliañas, proxeccións, exposicións, baile e un acto central presidido polo alcalde, Ángel García Seoane, xunto coa directora, Ana Perandones.

O que foi o primeiro centro escolar do municipio é hoxe unha institución educativa sólida, que ofrece un ensino de vangarda e de alta calidade. Cun extraordinario equipo directivo e un magnífico profesorado, o colexio é unha referencia de ensino inclusivo, creativo, aberto... promovendo numerosos proxectos cos que o alumnado adquire importantes valores que van moito máis alá da aprendizaxe curricular.

O Rabadeira era o único colexio que existía en Oleiros nos anos 70, albergando unha cantidade desproporcionada de nenos e nenas. Coa democracia e a chegada ao poder do Goberno municipal de Alternativa dos Veciños comezou o desenvolvemento dunha política que priorizou sempre o ámbito educativo, o que se plasmou coa creación dos colexios de Canide, Santa Cruz, Perillo e Nós; dos institutos de secundaria de Perillo, Santa Cruz e Oleiros; e das escolas infantís de Galeras, Perillo, Mera, e Os Regos.

## Melloras nas subvencións para comedores escolares

◆ A partir do próximo curso escolar o Concello de Oleiros vai unificar as subvencións de comedores escolares. As axudas serán para cubrir o 100 %, o 60 % ou o 40% do custo do comedor escolar, en función da renda familiar de cada neno ou nena.

A convocatoria está dirixida ao alumnado dos centros públicos de Oleiros nos que o servizo de comedor é xestionado polas ANPAs e coas que existe un convenio de colaboración para a xestión destas axudas. Todas as familias que teñan dereito a percibir estas prestacións poderán beneficiarse desde o primeiro día do curso escolar, sempre e cando tramiten a solicitude no prazo da convocatoria.

O Concello de Oleiros agradece a todas as persoas que forman parte dos equipos directivos das ANPAs dos distintos centros a súa dedicación en beneficio do benestar dos nenos e nenas de Oleiros, así como a súa xestión para facilitar a tramitación e pagamento destas subvencións municipais.

## As cadelas Duna e Lina visitan as escolas infantís de Oleiros ▼

◆ O Concello realizou unha actividade de sensibilización con cadelas entre o alumnado das 4 escolas infantís públicas do municipio. Trátase dunha intervención asistida dirixida a mellorar a comunicación entre os cans e os nenos e nenas.

As protagonistas son Duna e Lina, dúas fermosas cadelas das que os máis pequenos e pequenas aprenderon como achegarse a un can, como dar-lles de comer, coñecen as súas partes, cepillana, agarímana... o obxectivo é que os/as menores saiban o que deben e o que non deben facer ante un can para coñecelos, coidalos axeitadamente e evitar accidentes. Estas intervencións son programas deseñados para promover melloras na función física, social, educacional, emocional e/ou cognitiva das persoas.

A actividade realízase nas 7 aulas de 2-3 anos das escolas infantís A Braña en Mera, A Pardela nos Regos, As Galeras en Bastiagueiro e A Canteira en Perillo.





## VIII FESTIVAL RÚA EXT-CÉNICA 2024

### As prazas e parques énchense de cultura co festival de artes escénicas na rúa ▼

◆ Os días 19, 20 e 21 de xullo, terá lugar a unha nova edición do Festival de Artes Escénicas de Rúa, máis coñecido como RÚA EXT-CÉNICA. Prazas, xardíns, paseos e outros espazos públicos singulares do Concello servirán de escenario para artistas e compañías das máis variadas procedencias e disciplinas, que intentarán transformar a rúa nun marco propicio onde provocar a interacción social co público asistente nun ambiente festivo.

#### PROGRAMACIÓN:

##### VENRES 19 DE XULLO

CIRCO • *Ricky, el profesor de tenis*  
20:00 h, Parque José Martí

CONCERTO • *Black Quinteto*  
20:30 h, praza Afundida

##### SÁBADO 20 DE XULLO

CIRCO • *Kanbahiota*  
20:00 h, Monumento aos Emigrantes

CIRCO • *SU.MA*  
21:15 h, praza Esther Pita

##### DOMINGO 21 DE XULLO

MÚSICA INFANTIL

• *Uxía Lambona e a Banda Molona*  
12:30 h, Parque da Lagoa

DANZA CONTEMPORÁNEA

• *Daniel Rodríguez, Eva Comesaña e Raquel Ferradás*  
21:00 h, Parque José Martí



## Máis apoio municipal para as comisións de festas

◆ Co ánimo de apoiar e facilitar a organización das festas, o Concello achega importantes recursos humanos e materiais, así como os espazos públicos necesarios para que as festas sexan o mellor posible. En canto á seguridade, ante a responsabilidade que se ven obrigados a asumir os presidentes e presidentas das comisións como organizadores das festas, o Concello vai elaborarlle ás comisións un Plan de autoprotección naqueles casos nas que se prevé unha maior afluencia. Os incidentes son inevitables en moitos casos, pero o Concello pretende respaldar ás persoas que forman as comisións, así como contribuír a que as festas sexan seguras e agradables para a participación de todos os veciños e veciñas.


#### PUNTOS VIOLETAS ▼

Igual que en anos anteriores, o Concello está a colocar puntos violetas nas verbenas con maior afluencia. En colaboración coas comisións de festas, estase a traballar activamente para a prevención das violencias sexuais, LGTBIfóbicas e demais violencias machistas durante as festas a desenvolver ao longo de todo o verán nas diferentes parroquias.

Os Puntos Violeta son espazos de atención a vítimas de agresión sexual, LGTBIfóbica e calquera outro tipo de agresión machista. Os puntos contan cun equipo experto de profesionais e con acompañamento psicolóxico. Ademais, ofrecen información sobre os recursos municipais na materia e realizan accións de sensibilización.

#### PRÓXIMAS FESTAS ▼

- **Festas de Mera (Santa Ana):** do 24 ao 28 de xullo
- **Festas de Lorbé:** do 2 ao 4 de agosto
- **Festas de Oleiros:** do 14 ao 18 de agosto
- **Festas de Santa Cruz:** do 22 ao 27 de agosto
- **Festas de Liñas:** do 30 de agosto ao 1 de setembro
- **Festas de Perillo:** do 30 de agosto ao 1 de setembro
- **Romaría de San Cosme (Maianca):** 28 de setembro



## A tradicional sardiñada da praia de Mera, o venres 19 de xullo ▼

◆ O Concello de Oleiros, en colaboración coa Asociación Veciñal San Cosme de Maianca, organiza o venres 19 de xullo a tradicional sardiñada que se celebra na praia de Mera. A festa comezará a partir das 20:00 horas. Venderanse tanto sardiñas asadas como crúas, poñendo leña gratuíta a disposición de aquelas persoas que desexen utilizar as súas propias grellas, e tamén haberá punto de venda de bebidas. A animación musical correrá a cargo da Agrupación Cultural A Marola de Mera e da charanga A Santa Compañía. O Concello decidiu asumir a organización desta singular festa, en colaboración coa Asociación Veciñal San Cosme de Maianca, ante a posibilidade de que se perdesa.



## Concerto de música tradicional cubana na Fábrica ▼

◆ O domingo 14 de xullo, ás 20:30 horas, o grupo Septeto Naborí ofrecerá un concerto gratuíto no auditorio da Fábrica, en Perillo. O Septeto Naborí é un dos grupos de música tradicional cubana máis dinámico dos últimos 25 anos, recoñecido mundialmente polo suceso do Boa Vista Social Club. Nos seus 30 anos de historia realizaron un elevadísimo número de xiras e concertos en Europa.



# Alfaroleiros volve repartir boa artesanía do 7 ao 11 de agosto



■ *Alfaroleiros chega este verán á súa edición número 30 como a feira máis artesanal, identitaria e natural. Un evento cultural de referencia que sitúa o parque Luis Seoane de Santa Cruz no máis alto da olería tradicional da península ibérica.*

◆ Coma sempre, 25 alfareiros procedentes de diversas zonas do Estado español venderán os seus produtos ao rente do césped do parque Luis Seoane, convertindo Santa Cruz no epicentro festivo e cultural do Concello durante os primeiros días de agosto.

Paralelamente á feira no mesmo parque Luís Seoane e na praza Esther Pita, desenvolveranse diversas actividades de carácter lúdico-cultural para gozo da veciñanza e das persoas visitantes. Tamén prevista unha exposición conmemorativa polos 30 anos desta feira.



## Festa de Interese Turístico

*Os grandes valores de Alfaroleiros, así como a súa crecente dimensión festiva, fan deste evento un senlleiro exemplo de festa que mestura cultura, identidade, etnografía, creatividade e dinamismo económico. Por elo, está tramitándose a declaración de Festa de Interés Turístico ante a Xunta de Galicia.*

## PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES

### • MÉRCORES 7 DE AGOSTO

12.30 h: Inauguración.

18.00-20.00 h: Demostracións de olería.

21.00 h: Concerto de *Caamaño & Ameixeiras*.

### • XOVES 8 DE AGOSTO

13.00-14.00 h: Demostracións de olería.

18.30-20.00 h: Demostracións de olería.

20.00 h: Espectáculo de maxia e música do *Mago Teto: "Rock & Magic"*.

Praza Esther Pita

21.30 h: Espectáculo de humor *"Sen restricións"*.

### • VENRES 9 DE AGOSTO

13.00-14.00 h: Demostracións de olería.

17.30-20.00 h: Bautismo de barro.

20.00 h: Concerto de música infantil de *Bellón Maceiras e Mamá Cabra "A música das buguinas"*.

22.00 h: Concerto de *Verónica Codesal: 100 Voltas*. Praza Esther Pita

### • SÁBADO 10 DE AGOSTO

13.00-14.00 h.: "Cociña e barro" demostración de cociña en vivo.

18.30-20.00 h: Obradoiro "A olería nas túas mans".

20.00-21.00 h: "Cociña e barro" demostración de cociña en vivo.

22.00 h: Concerto de *Monoulious DOP*. Praza Esther Pita.

### • DOMINGO 11 DE AGOSTO

13.00-14.00 h: Demostracións de olería.

18.00-20.30 h: Xogos tradicionais *"Xogando miudiño: Espazo de xogo libre con brinquedos tradicionais"*.

19.30-21.00 h: Pasarrúas, *Grupo de gaitas Santaia*.

.....  
\* Todos os actos serán no Parque Luis Seoane, agás os indicados.



# TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico [comunicación@oleiros.org](mailto:comunicación@oleiros.org)*

## **Estados Unidos e as guerras en Europa**

Resulta sorprendente que moitas das cuestións que preocupan aos medios de comunicación españois en relación coas eleccións norteamericanas teñan relación coa política interior dese país e non coa exterior. Relacionar a Biden coa reactivación bélica dos últimos anos parece non ser do interese de contertulios e xornalistas, toda vez que centran as súas análises en temas como o aborto, a inmigración ilegal, o falabarato que é o multimillonario televisivo do pelo zenoura ou a decrepitude física e mental do actual presidente. Ucraína e Gaza son temas que non adoitan considerarse relacionados coas eleccións de novembro, se ben están condicionando os investimentos militares do noso país, a nosa política exterior, o xenocidio palestino á beira do Mediterráneo, a división de Europa debido ao aillamento entre Rusia e occidente, ou a obrigada renuncia das nosas empresas ao puxante mercado ruso que, por exemplo, Inditex tivo que abandonar. As cousas internas dos norteamericanos (aos que por suposto desexamos o mellor) non deberían importarnos tanto como as sombras que proxectan sobre o mundo. A vella pregunta de a quen se parece máis un demócrata estadounidense sigue a ter a mesma resposta: a un republicano estadounidense. Pero convíñanos botar unha ollada diferente á que proxecta sobre a nosa opinión pública o poder fáctico dos Estados Unidos: durante o mandato de Trump o aparato bélico americano estaba felizmente aburrido e no de Biden está a celebrar a súa negra festa apoteósica.

**Lucía Barbeito Ortuño - Nós**

## **Máis persoal para os PAC**

As fins de semana son o momento propicio para poñerse enfermo, sobretudo tendo en conta o espectacular verán que estamos vivindo cheo de DANAS, cambios bruscos de temperaturas, chaparróns... no noso municipio contamos cun único Punto de Atención Continuada (PAC) ou Urgencias, como lle seguimos chamando a maioría dos mortais, para unha poboación duns 35.000 habitantes, que se duplica na tempada de verán.

Un/ha único/a médico/a e un enfermeiro/a para atender a todas indisposicións que se sucedan ao longo da semana en horario de tarde e fins de semana... unha tolemia! A modo de exemplo; a pasada fin de semana, co PAC cheo, o médico tivo que ausentarse do mesmo debido a unha urxencia nun domicilio, ficando no PAC á súa espera todas as persoas, que por certo, enchían a sala. O mesmo pasa co servizo de pediatría, que se ve máis mermado se cabe na tempada de verán; debido a que como é lóxico os profesionais teñen dereito ás súas vacacións, mais nós, como usuarios temos dereito a que se nos atenda nunhas condicións óptimas e se repoña o persoal para dar servizo.

Os veciños e veciñas debemos esixir unha sanidade de calidade, a reposición inmediata de especialistas en urxencias, pediatras e médicos en atención primaria durante os períodos vacacionais, baixas etc, como así tamén dotar as infraestruturas sanitarias de todo o necesario para o seu correcto funcionamento.

O acceso á sanidade non é un luxo nin un capricho, é un dereito!

**Anónimo**

## **Un xuízo para os xuíces**

Finalmente, tras anos de complicacións, o Partido Popular e o Partido Socialistas acadaron un acordo para a renovación dos membros do Consello Xeral do Poder Xudicial. Este pacto trae algunhas novidades a este órgano, aínda que, visto o visto despois da firma entre os dous partidos, parece que ningún deles acaba de ter claras ao 100% as condicións deste trato. En calquera caso, parece que a xudicatura española seguirá nunha situación similar a dos últimos tempos.

Máis alá dos termos e condicións do pacto, bótase de menos unha análise profunda do que está a ocorrer co mundo xudicial no estado español, xa que vimos de vivir situacións surrealistas nos últimos anos. Non é un dicir, xa que, rapidamente, podemos ter na cabeza algún casos sen pensar demasiado: a extradición falida dos políticos cataláns fugados a diversos países de Europa; a marcha atrás do Tribunal Supremo da súa decisión inicial de que fosen os bancos os encargados pagar o imposto das hipotecas; ou o caso de Sandro Rosell, que estivo dous

anos en prisión preventiva para ser absolto o primeiro día de xuízo.

En calquera outro sector, unha situación destas características tería consecuencias para os responsables. Sen embargo, na xudicatura isto non ocorre, e os xuíces que protagonizaron eses casos, seguen no seu posto sen ningún tipo de problema. Iso leva a facerse a seguinte pregunta: ¿pensan os membros da xudicatura que son intocables? Moitos poden pensar que a resposta a esa pregunta é un rotundo si.

Ese pensamento reforzase cando se observa o que está a ocorrer con casos como o de Mónica Oltra ou Begoña Gómez. En ambos parece que as probas contra elas son mínimas. Sen embargo, os xuíces das súas causas consideran que é necesario que estean no proceso coma investigadas, unha condición que unicamente se pode dar cando hai indicios sólidos contra unha persoa. ¿Investigarían eses xuíces a estas dúas persoas se soubesen que, en caso de estar equivocados, habería consecuencias contra eles e poderían poñer en risco o seu posto de traballo?

En este caso, ninguén sabe a resposta. Sen embargo, non estaría de máis poder comprobalo. É necesario que se habiliten mecanismos para parar os abusos da xudicatura. O *lawfare* non pode, nin debe, saír gratis.

**Pedro González - Montrove**

## **Contra o exceso de coches en Xoez**

Hai uns días, Xoez apareceu co seu tránsito interior de coches vedado á invasión de cada verán. Unha medida valente que beneficia a todos os que vivimos aquí. A verdade, ter de veciña a unha das mellores praias da comarca da Coruña, como é a de Espiñeiro, é un auténtico orgullo. Pero tiña como contrapunto a circulación masiva de coches cada verán, atascando as estreitas rúas, que quedaban pouco operativas non só para os habitantes do lugar e incluso para as persoas que acceden á praia. Agora, facendo uns cantos metros a pé, que ademais é bo para a saúde, pode calquera achegarse á praia sen problema. A vecindade de Xoez queda moi agradecida e o escaso espazo viario da zona goza dunha seguridade máis aceptable.

**J.C.T. - Mera**



**Teléfono do Veciño**

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

**981 610 000**

**Concello de Oleiros 981 610 000**

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Servizo Municipal de Emerxencias	981 636 933
Oficina Turismo	981 904 052

**Centros municipais de actividades**

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

**Centros educativos**

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
El A Braña / Mera	981 617 505
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	881 880 801
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

**Bibliotecas**

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
Mª José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
Biblioteca Mediambiental / Pazo de Lóngora	981 630 618



**39.097**  
*habitantes empadroados/as!*

**Padrón do Concello distribuído por parroquias ata o 3 de xullo**

DEXO (Santa María)	1.483
DORNEDA (San Martiño)	3.781
IÑÁS (San Xurxo)	1.326
LIÁNS (Santa Eulalia)	11.454
MAIANCA (San Cosme)	1.710
NÓS (San Pedro)	5.045
OLEIROS (Santa María)	3.360
PERILLO (Santa Leocadia)	9.263
SERANTES (San Xulián)	1.675

**TOTAL 39.097**

**Horarios do TRANSPORTE PÚBLICO**



**En Oleiros TAXI a domicilio no 981 243 333**

Aeroporto de Alvedro  
**981 187 200**

Estación autobuses A Coruña  
**981 184 335**

Estación FFCC San Cristovo  
**902 432 343**

**LORBÉ ■ O BURGO**

**2652**

**> SAÍDAS**

Cal Pita - Eliseo Pita

**REGRESOS <**

LORBÉ • SANTA CRUZ • OLEIROS • SAN PEDRO • O BURGO

07:00 h - 21:00 h cada 2 horas luns - venres cada 2 horas 08:00 h - 20:00 h

**FARMACIAS DE GARDA**

**Datas**

■ PERILLO • Avda. Rosalía de Castro, 247	Do 12 ao 19 de xullo
■ NÓS • Avda. das Mariñas, 247	Do 19 ao 26 de xullo
■ SANTA CRUZ • Francisco Comesaña 4-6	Do 26 de xullo ao 2 de agosto
■ ARILLO • Avda. República Arxentina, 106	Do 2 ao 9 de agosto
■ OS REGOS • Avda. Isaac Díaz Pardo, 4	Do 9 ao 16 de agosto
■ SANTA CRUZ • Rúa Viñas de Babilonia, 10	Do 16 ao 23 de agosto
■ PERILLO • Avda. Ernesto Che Guevara, 16	Do 23 ao 30 de agosto
■ LORBÉ • Rúa Golfiño, 117-A	Do 30 de agosto ao 6 de setembro
■ IÑÁS • Avda das Mariñas, 54, Parque Oleiros	Do 6 ao 13 de setembro
■ PERILLO • Rúa Areal, 17	Do 13 ao 20 de setembro
■ OLEIROS • Camilo Díaz Baliño, 1	Do 20 ao 27 de setembro
■ MERA • Praza de Miramar, 4	Do 27 de setembro ao 4 de outubro

**Querida lúa**

**O ciclo da lúa**

<b>Chea</b>	21 xullo / 19 agosto / 18 setembro
<b>Mingua</b>	28 xullo / 26 agosto / 25 setembro
<b>Nova</b>	6 xullo / 5 agosto / 3 setembro
<b>Medra</b>	13 xullo / 12 agosto / 10 setembro



## Artistas de primeira ▼

● *Explosión de creatividade do alumando das escolas municipais de música, danza e teatro*



◆ A praza Esther Pita, o Parque Romántico de Montrove, o Parque José Martí, a praza do Castelo, a Lagoa de Mera, o Teatro Colón da Coruña, o auditorio Gabriel García Márquez... As Escolas Municipais de Música, Danza e Teatro clausuraron un novo curso regalando ao público extraordinarias actuacións dignas de artistas profesionais.



*A calidade da formación que se imparte nestas escolas do Concello contribúe ao desenvolvemento artístico e persoal da mocidade de Oleiros.*



### **O Crebanoces, no Teatro Colón**

O inconmensurable espectáculo final da Escola Municipal de Danza tivo que ser trasladado á Coruña, ante a falta dun recinto en Oleiros coa capacidade suficiente para albergar a todo o público interesado en asistir. Coa creación do multiusos de Bastiagueiro, este tipo de actos poderán realizarse no concello.